

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE O CARBALLIÑO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DO PULPO 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello do Carballiño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Festa do Pulpo 2019, e para a posta en marcha, durante a dita celebración, da campaña de información e sensibilización fronte á violencia sexual en espazos públicos: “AGRESIÓN OFF, Eu digo non á violencia sexual”, utilizando para elo a marca creada a estes efectos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- O apoio ás festas de interese turístico, é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para ou



desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

A este respecto, o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020 na Liña estratéxica 2, obxectivo estratéxico 2.1. Singularización de novos valores diferenciadores, Acción 2.1.3. Enfoque turístico do patrimonio inmaterial, inclúe o impulso da creación de produto en torno ás Festas de Interese Turístico.

Terceiro.- O concello do Carballiño ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Festa do Pulpo.

Cuarto.- A Festa do Pulpo do Carballiño é unha antiga romaría que cumpre cincuenta e seis anos de historia e que debe o seu éxito á exaltación dunha das manifestacións gastronómicas máis típicas de Galicia, a degustación do pulpo á feira, que chegou a converter este produto orixinal das rías galegas no prato máis característico e popular desta localidade do interior convertendo a esta romaría popular nunha auténtica tradición. A orixe de que o pulpo tivese no Carballiño o seu feudo sendo un produto de mar era o pago en especie que se facía na Idade Media ás ordes monásticas de Oseira pola explotación das súas posesións portuarias nas Rías Baixas.

Pola súa singularidade e especiais características esta festa foi declarada de Interese Turístico Nacional no ano 2012.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Sexto.- O apoio, promoción e difusión deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta



turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Sétimo.- Así mesmo, aproveitarase a citada celebración para desenvolver actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no que se recollen medidas tales como campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, ou actuacións de sensibilización, prevención e elaboración de campañas e materiais contra a violencia sexual, implicando ás entidades na elaboración de materiais, campañas e protocolos de actuación, que incidan na necesidade de establecer puntos seguros e de información sobre violencia sexual en espazos públicos, (medidas 26, 30 e 256 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

Que a través deste convenio, outórgase ao concello do Carballiño unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Mª Elena Barca Ramos

